

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 24 DE ABRIL DE 2017.**

**Alcalde-Presidente:**

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

**Concelleiros:**

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D<sup>a</sup>. TERESA VARELA FISTEUS.

D<sup>a</sup>. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

**Secretario Xeral:**

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**Interventora Municipal:**

D<sup>a</sup>. MARTA OVIEDO CREO.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNS  
ANTERIORES.**

1.1.- Acordouse aprobar a acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local núm. 16/2017 de data 10 de abril de 2017.

1.2.- Acordouse aprobar a acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local núm. 17/2017 de data 17 de abril de 2017.

**2.- EXPEDIENTE 701/2017. XUSTIFICACIÓN 1º TRIMESTRE DE  
2017 SUBVENCIÓN AULA CEMIT.**

Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos correspondentes ao primeiro trimestre de 2017 (entre o 01/01/2017 e o 31/03/2017), por importe de

2.051,07 €, que se corresponde co 25 % do custo salarial do persoal encargado da Aula CeMIT de Lalín.

**3.- EXPEDIENTE 867/2017. CORRECIÓN DE ERROS ACORDO 4.2 XGL 29/03/2017. IMPORTE DE SUBVENCIÓN SOLICITADA PARA GASTOS DE FUNCIONAMIENTO DE CONSERVATORIO. LIÑA 2 PLAN CONCELLOS 2017.**

Acordouse corrixir o erro padecido no acordo adoptado na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o pasado día 29 de marzo de 2017, no punto 4.2.

**4.- EXPEDIENTE 600/2017. DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA DUN CONTRATO DE SERVIZOS.**

Acordouse aprobar a devolución dos avais depositados como garantía do contrato de servizo de limpeza de pavillóns municipais e contrato de servizo de limpeza de escolas infantís.

**5.- EXPEDIENTE 839/2017. SOLICITUDE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PERSOAS CON DISCAPACIDADE 08/2017.**

Acordouse a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía co número 08/2017 con carácter definitivo.

**6.- EXPEDIENTE 727/2017. COMUNICACIÓN PREVIA EN MATERIA URBANÍSTICA (URBANISMO) CP4 ANTECEDENTES EXPS. 8678/16 8057/15 E 15/08/U.**

Acordouse declarar a ineficacia da comunicación previa de obras para a construción dun porche en Maceira– Lalín.

**7.- EXPEDIENTE 823/2017. CORRECCIÓN ERROS SUBMINISTRACIÓN PINTURA**

Acordouse corrixir o erro padecido no apartado cuarto do punto 6.1 da acta do día 21 de decembro de 2015.

**8.- EXPEDIENTE 946/2017. NOTIFICACION DE CONCESION**

### **SUBVENCION LIÑA 3. PLAN CONCELLOS 2017.**

Deuse conta do escrito remitido pola Deputación de Pontevedra, co que achegan acordo da Xunta de Goberno da Deputación de data 18 de abril de 2017, de concesión de subvención ó abeiro do Plan Concellos 2017 correspondente á Liña 3: Emprego para conservación de bens e servizos municipais-13ª relación.

### **9.- EXPEDIENTE 414/2017. LICENCIA DE SEGREGACIÓN. EXPEDIENTE RELACIONADO: ANTECEDENTE EXP. 8060/15.**

Acordouse conceder LICENZA DE SEGREGACIÓN para regularización de viais, nunha parcela sita no lugar de Castro- parroquia de Méixome, Lalín.

### **10.- EXPEDIENTE 883/2017. CONSULTA DE EXPEDIENTE LICENZA OBRA N° 8448/16 XGL 27/06/16.**

Acordouse autorizar o acceso ao expediente para construción de centro de imaxe, exposición e venda de camiós no Polígono Industrial Lalín 2000. sen expedición de copias.

### **11.- EXPEDIENTE 947/2017. RESOLUCION CONCESION SUBVENCIONS REINVERSIONS PPOS 2015.**

Dáse conta do escrito remitido pola Deputación de Pontevedra, co que achegan acordo da Xunta de Goberno da Deputación de data 18 de abril de 2017, de autorización ó Concello de Lalín para o reinvestimento da baixa xerada na obra “*Rehabilitación e saneo da ronda este-norte (tramo Avda Ourense-EP 6009*”.

### **12.- EXPEDIENTE 887/2017. APROBACIÓN DE FACTURAS. XGL 24 DE ABRIL DE 2017.**

Acordouse aprobar a relación de facturas n° 00032 por importe de 194.477,33 €.

### **13.- EXPEDIENTE 849/2017. REINVESTIMENTO BAIXA POSP 2015 OBRAS PROPIAS RESPOSICION MURO LATERAL CAMPO FÚTBOL.**

Acordouse solicitar á Deputación provincial de Pontevedra a reinversión da baixa sobrance da adxudicación do investimento “Subministro eléctrico para local social e instalacións anexas ao campo de fútbol” por importe de 1541,75 euros.

**14.- EXPEDIENTE 787/2017. LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN E EFICACIA DE COMUNICACIÓN PREVIA. ANTECEDENTES EXP 7762/15.**

Acordouse CONCEDER LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN E ACORDAR A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE para venta de maquinaria agrícola forestal con taller de reparación e mantemento na Avda do Montserrat- Lalín.

**15.- EXPEDIENTE 881/2017. SOLICITUDE RENOVACIÓN TARXETA DE ACCESO A RESIDENTES NA RÚA COLÓN.**

Acordouse a renovación da tarxeta de acceso a residentes na rúa Colón para o vehículo da súa propiedade marca Madza CX5, matrícula 4512-HYR por un período dun ano a contar dende a data do presente acordo.

**16.- EXPEDIENTE 307/2017. CONTRATO DE SERVIZOS POR PROCEDEMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN CSE142016.**

Acordouse adxudicar o Lote núm. 1: Servizo de limpeza do aparcamento municipal Aldea Grande.

**17.- EXPEDIENTE 156/2017. RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN. COMUNICACIÓN PREVIA DE APERTURA DE ACTIVIDADE INOCUA (SUPOSTOS DA LEI 9/2013, DE 19 DE DECEMBRO) 7844/15.**

Acordouse desestimar o RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE 07/12/16, DE DECLARACIÓN DE EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA PARA ACTIVIDADE NA CABREIRA - CATASÓS – LALÍN.

18.- Fora da orde do día acordouse aprobar a conta xustificativa do CIM.

19.- Fora da orde acordouse aprobar a conta xustificativa de dita subvención, Servizo de Atención ás Migracións.

20.- Fora da orde do día acordouse autorizar e comprometer un gasto con destino á contratación do Servizo docente para o desenvolvemento da acción formativa “ACTIVIDADES DE VENDA.

21.- Fora da orde do día acordouse realizar a solicitude á Consellería de Política Social para o uso de instalacións co fin do desenvolvemento dos Campamentos no Mar 2016 do Concello de Lalín.

22.- Fora da orde do día acordouse aprobar o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE CULTURA DO CONCELLO DE LALÍN E O CÍRCULO DE RECREO DE LALÍN.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, cando son as **20:00** horas do día do seu comezo, da que, eu, como Secretario Xeral, dou fe.